**ORDENANZA FISCAL Nº 4**

**Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto Sobre Construccións, Instalacións e Obras**

**Artigo 1º. – Feito impoñible.**

1. Constitúe o feito impoñible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construcción, instalación ou obra para a que se esixa licencia urbanística, segundo o establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, obtivésese ou non a dita licencia, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio, segundo o disposto no artigo 100 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e concordantes deste.

2. As construccións, instalacións ou obras a que se refire ó apartado anterior poderan consistir en:

a) Obras de construcción de edificacións e instalacións de todas clases de nova planta.

b) Obras de demolición.

c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.

d) Alineacións e rasantes.

e) Obras de fontanería e rede de sumidoiros.

f) Obras en cemiterios.

g) Calquera outras construccións, instalacións ou obras que requiran licencia de obra urbanística.

**Artigo 2º. - Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan donos da construcción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmoble sobre o que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parrafo anterior terá a consideración de dono da construcción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construccións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

**Artigo 3º. - Base impoñible, cota e devengo.**

1. A base impoñible deste imposto está constituida polo custo real e efectivo da construcción, instalación ou obra, e se entende por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base impoñible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, de se-lo caso, coa construcción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base impoñible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame será do 3,1 por cento para tódalas construccións, instalacións e obras que se realicen, agás aquelas realizadas polas entidades inscritas no rexistro municipal de asociacións veciñais ou non tratándose de tales asociacións, aquelas nas que o orzamento da obra non supere 1.200,00 euros, as cales tributarán por cota cero.

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construcción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licencia.

**Artígo 4º. - Bonificacións.**

1. As obras de reforma de edificacións existentes que se realicen co fin de incorporar sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar disfrutarán dunha bonificación de ata o 50 por cento sobre a cota do imposto en proporción á porcentaxe que a enerxía solar cubra sobre o total da enerxía necesaria para o funcionamento da vivenda, considerándose o mínimo a cubrir para solicitar a subvención, o 20 por cento da enerxía total requirida pola mesma. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

Tomarase en consideración o orzamento total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra a realizar estea destinada unicamente á adaptación do edificio para favorecer o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

No caso de que as obras estean destinadas á reforma da edificación, comprendendo no orzamento máis partidas ademais da adaptación de dita edificación para favorecer dito aproveitamento, unicamente se computarán para o cálculo da cota con dereito a bonificación as partidas correspondentes. Para iso será necesario que o orzamento se presente desglosado na parte que corresponda ás mencionadas obras.

As solicitudes serán enviadas, coa documentación que as acompaña e un informe respecto do cumprimento das condicións establecidas na presente ordenanza, ós servicios municipais de medioambiente que, valorando as instalacións, formularán informe proposta sobre a súa concesión. A resolución corresponde á Alcaldía, sen prexuízo das delegacións outorgadas por esta.

Esta bonificación só será aplicable a aquelas construccións que non deban dispoñer obrigatoriamente destes sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar segundo o disposto no Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

2. As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorece-las condicións de acceso e habilitabilidade dos discapacitados, disfrutarán dunha bonificación do 90 por cento da cota resultante de aplicar, no seu su caso, a bonificación a que se refire o parágrafo anterior, de acordo coas seguintes regras:

- Tomarase en consideración o orzamento total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra a realizar estea destinada unicamente á adaptación do edificio para favorece-las condicións de acceso e habilitabilidade dos discapacitados.

- No caso de que as obras estean destinadas á reforma da edificación, comprendendo no orzamento máis partidas ademais da adaptación de dita edificación para favorece-las condicións de acceso e habilitabilidade dos discapacitados, unicamente se computarán para o cálculo da cota con dereito a bonificación das partidas correspondentes. Para iso será necesario que o orzamento se presente desglosado na parte que corresponda a obras que favorezan ditas condicións.

As solicitudes serán enviadas, coa documentación que as acompaña e un informe respecto do cumprimento das condicións establecidas na presente ordenanza, ós servicios municipais de urbanismo que, valorando as reformas que se propoñen realizar, formularán informe proposta sobre a súa concesión. A resolución corresponde á Alcaldía, sen prexuízo das delegacións outorgadas por esta.

3. As bonificacións establecidas neste artigo son de natureza regrada e terán carácter rogado, debendo ser solicitadas expresamente polo suxeito pasivo ante esta Entidade Local. A solicitude, tras ser obxecto de informe polos servicios técnicos municipais, será resolta polo órgano competente.

**Artigo 5º. - Xestión.**

1. Cando se conceda a licencia preceptiva ou cando, non tendose solicitado, concedido ou denegado aínda dita licencia preceptiva, se inicie a construcción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impoñible:

a) En función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente cando isto constitúa un requisito preceptivo, quedando excluidos os gastos xerais e o beneficio industrial.

b) Cando non sexa preceptiva a presentación do proxecto visado polo Colexio Oficial, a base impoñible determinarase polos técnicos municipais atendendo igualmente ó custo real e efectivo da construcción, instalación ou obra, seguindo os criterios de valoración establecidos na base de datos da construcción de Galicia.

2. Unha vez finalizada a construcción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará no seu caso a base impoñible a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo, ou reintegrándolle no su caso, a cantidade que corresponda.

3. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar ante este Concello declaración-liquidación, segundo o modelo determinado polo mesmo, que conterá os elementos tributarios imprescindibles para a liquidación procedente. Dita declaración-liquidación deberá presentarse acompañada de xustificante de ter ingresado a cota tributaria, ó tempo que insta ó outorgamento da correspondente licencia urbanística.

**Artigo 6º. - Inspección e recadación.**

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións para o seu desenvolvemento.

**Artigo 7º. - Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o

réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.